



Concello de Cangas

ACTA

Expediente núm.:	Órgano Colexiado:
XGL/2017/51	A Xunta de Goberno Local

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN	
Tipo Convocatoria	Ordinaria
Data	13 de novembro de 2017
Duración	Desde as 20:00 ata as 20:40 horas
Lugar	SALA DE SESIÓNS
Presidida por	XOSE MANUEL PAZOS VARELA
Secretario	BERTA ALONSO SOTO

ASISTENCIA Á SESIÓN		
DNI	Nome e Apelidos	Asiste
77010633D	ANDRES GARCIA BASTON	SÍ
73240505H	HÉITOR MERA HERBELLO	SÍ
76807564F	LOURDES RIAL PARDO	SÍ
78730184B	MARIANO ABALO COSTA	SÍ
76811297Z	MERCEDES GIRALDEZ SANTOS	SÍ
78734984G	SUSO PEREZ GALLEGO	SÍ
53113479Q	TANIA CASTRO PAREDES	NON
78739263M	TOMÁS HERMELO ÁLVAREZ	SÍ
76328194A	XOSE MANUEL PAZOS VARELA	SÍ
34907283E	XOÁN CHILLÓN IGLESIAS	SÍ
78736615W	ÁNXELA VIZOSO MARCOS	NON

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Concello de Cangas

Unha vez verificada polo secretario a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

A) PARTE RESOLUTIVA

Aprobación da acta da sesión anterior realizada o día 6 de novembro de 2017

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acordou aprobar o borrador da acta da sesión anterior da Xunta de Goberno Local realizada o día 6 de novembro de 2017.

Expediente 7001/2017. Informe da Policía Local s/sinalización

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

O Departamento de sinalización debido á falta de prazas de discapacitados no contorno da Praza de Abastos de Cangas, propón a creación dunha nova praza na porta do sur desta, entre a churrería e a porta principal.

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar o proposto polo Departamento de sinalización municipal.

Expediente 6919/2017. Informe da Policía Local s/sinaliación

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

Con relación á solicitude de colocación de sinal de "Camiño sen saída", no camiño de acceso ao portal 3 do edificio da Rúa David Cal, nº 15 (Vilariño), presentada por P. A. D. en calidade de administrador da comunidade de propietarios "Playa Vilariño", a Xunta de Goberno Local acorda acceder ao solicitado.

Expediente 6995/2017. Informe da Policía Local s/sinalización

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

Vista a solicitude presentada polo presidente da comunidade de garaxes "Maqueiro", J. C. C., de colocación dun espello para a saída do garaxe sito na Avda. de Lugo, nº 1-Coiro. A Xunta de Goberno Local acorda acceder ao solicitado, condicionada a presente autorización a que a colocación e os gastos deberán correr a cargo dos solicitantes.

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Expediente 4195/2017.- C-17/12. Proposta s/requirimento previo de adjudicación do contrato de obra "Nova capa de rodadura en vías municipais"

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/A sentimento

Expediente núm.: C-17/12__4195/2017

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar integramente a seguinte:

"PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN

Visto o expediente de contratación tramitado para a adjudicación do contrato administrativo de obra 'Nova capa de rodadura en vías municipais', no que a mesa de contratación como órgano competente para a valoración das ofertas identificou como anormais as propostas presentadas polas empresas 'NEMESIO ORDÓÑEZ SA', e 'MARCONSA SL', propoñendo ao órgano de contratación que se lle dera audiencia aos citados licitadores co fin de que xustificasen a valoración da oferta e precisasen as condicións desta.

Visto o informe emitido pola arquitecta técnica deste Concello en data 02.11.2017, considérase que a documentación presentada pola mercantil 'NEMESIO ORDÓÑEZ SA' (registro de entrada nº 2017-E-RC-12148) resulta insuficiente para xustificar a temeridade da súa oferta, co que se estima que a esta non pode ser cumprida de acordo coas condicións ofertadas quedando a citada empresa excluída da licitación, segundo o artigo 152.4 do TRLCSP. Polo que respecta á documentación achegada por 'MARCONSA SL' (registro de entrada 2017-E-RC-12276) considérase que o servizo pode ser prestado de acordo coas condicións ofertadas, co compromiso de adscribir á execución da obra todos os medios materiais e persoais que constan na xustificación da súa oferta. Do anterior resulta a seguinte clasificación final das ofertas:

	LICITADOR	Prezo Ofertado	Puntos
1º	MARCONSA S.L.	121.440,49 €	100,00
2º	NEXIA INFRAESTRUCTURAS	133.113,87 €	91,23
3º	EXPLOT MEDIOAMBIENTAI S.L.U.	134.880,19 €	90,06
4º	FEVISA OBRAS Y VÍAS S.L.	138.125,80 €	87,92
5º	MONTAJES JM IGLESIAS	140.179,13 €	86,63
6º	CONSTRUCCIONES VALE S.L.	140.245,37 €	86,59
7º	COVSA	142.342,86 €	85,32
8º	ASFALGAL	143.270,18 €	84,76
9º	NAROM S.L.	159.409,88 €	76,18
10º	FONTEFRÍA	160.688,15 €	75,58
11º	EXC Y CONST PÉREZ	171.332,50 €	70,88
12º	CONSTRUCCIONES FECHI S.L.U.	174.644,35 €	69,53
13º	MISTURAS SA	181.554,45 €	66,89
14º	OBRAS Y VIALES CERNE	193.721,00 €	62,69

Por todo o que antecede, en uso das atribucións que a lexislación vixente me confire, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:



ACORDO

Primeiro.- *Requirir a 'MARCONSA SL', como empresa que presentou a oferta economicamente máis vantaxosa, para que no prazo de 10 días hábiles achegue a seguinte documentación:*

- *Declaración responsable na que o licitador manfeste que os datos relativos á súa inscrición no Rexistro xeral de contratistas de Galicia (nº 4577) continúan vixentes a data 09.11.2017 e non variaron.*
- *Xustificante de ter pagado os gastos do anuncio de licitación (68,20 €) que poderá facer efectivo na conta n.º ES85 2080 5022 1531 1000 8929.*
- *Xustificante de ter constituída garantía definitiva por importe de cinco mil dezaoito euros con vinte céntimos (5.018,20 €), equivalente ao 5% do importe de adxudicación, IVE excluído (a garantía poderá constituíla por calquera dos medios aos que se refire o artigo 96-TRLCSP). Unha vez constituída a garantía, deberá depositala na Tesourería municipal e entregar no Rexistro Xeral do Concello o xustificante do depósito desta xunto co resto dos documentos citados anteriormente.*

Segundo.- *Excluír da licitación á empresa 'NEMESIO ORDÓÑEZ SA', por non xustificar adecuadamente a temeridade da súa oferta, estimando que esta non pode ser cumprida de acordo ás condicións ofertadas, segundo o previsto no artigo 152.4-TRLCSP.*

Terceiro.- *Dar traslado deste acordo ao departamento municipal de Apoio Xurídico".*

Expediente 6056/2017. Proposta de bonificación da taxa nos obradoiros de lecer para persoas maiores no período 2017/2018

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/
Asentimento

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar integramente a seguinte:

"Proposta de bonificación da taxa nos Obradoiros de Lecer para persoas maiores no período 2017/2018

Tomás Hermelo Álvarez, concelleiro de Servizos Sociais, Igualdade e Sanidade do Concello de Cangas, PROPÓN á Xunta de Goberno Local a aprobación da seguinte proposta:

** A concesión de bonificación sobre a taxa establecida de trinta euros (30,00 €) para os 6 seguintes pedimentos recibidos durante o prazo de presentación das solicitudes do programa de 'Obradoiro e curso para persoas maiores no período 2017/2018', segundo o acordo aprobado pola Xunta de Goberno Local.*

Nº Rex. Entrada	Solicitante DNI	Ingresos IRPF-2015 e outros non imputables	Renda per cápita mensual	Proposta de Resolución	Nº obradoiros solicitados	Taxa a aboar por obradoiro
11253	-	Certificado de		Bonificación	1	15,00 €



		imputacións IRPF-2016: 9.754,50 €.	812,86 €/mes	do 50% da taxa		
11254	-	IRPF -2016: (conxunta): 17.109,28 €	712,89 €/mes	Bonificación do 66,66 % da taxa	2	10,00 €
11255	-	IRPF -2016: (conxunta): 17.109,28 € (Cónxuxe da solicitante nº 2)	712,89 €/mes	Bonificación do 66,66 % da taxa	2	10,00 €
11256	-	IRPF - 2016: Non constan datos. Perceptora da RISGA: 357,76 €/mes	357,76 €/mes	Bonificación do 100% da taxa	2	0,00 €
11257	-	IRPF - 2016: Non constan datos Perceptora da RISGA: 399,38 €/mes	399,38 €/mes	Bonificación do 100% da taxa	1	0,00 €
11.258	-	IRPF – 2016: 7.697,31 €	641,44 €/mes	Bonificación do 66,66 % da taxa	2	10,00 €".

Expediente 2789/2017. Aprobación do expediente de contratación do “Servizo de asesoría xurídica, asistencia letrada e defensa en xuízo” (Urxencia)

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar integramente a seguinte:

"PROPOSTA DA ALCALDÍA

Visto o acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local en sesión desenvolvida en data 08.05.2017, polo que se inicia o expediente administrativo para a adxudicación do contrato de “Servizo de asesoría xurídica, asistencia letrada e defensa en xuízo” por procedemento negociado sen publicidade.

Visto que polo departamento de Apoio Xurídico se incorporaron ao expediente os pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas que rexerán esta licitación e que constan no expediente os preceptivos informes de Secretaría (13.11.2017) e Intervención (informe 2017-0160 [SCM-150-17] do día 08.11.2017).



Por todo o que antecede, á Xunta de Goberno Local propoño a adopción do seguinte:

ACORDO

Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación do “Servizo de asesoría xurídica, asistencia letrada e defensa en xuízo”, xunto cos pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas que rexerán o procedemento de licitación e que constan como anexos a este acordo.

Segundo.- Autorizar o gasto que para o Concello supón esta contratación con cargo á aplicación 920/226.04 do vixente orzamento municipal.

Terceiro.- Abrir o procedemento de licitación mediante procedemento negociado sen publicidade, debendo invitar a un mínimo de tres empresas capacitadas para a realización do obxecto do contrato e publicar un anuncio de licitación no perfil do contratante.

Cuarto.- Dar traslado deste acordo aos departamentos municipais de Apoio Xurídico e Intervención”.

Expediente 5102/2017. Propostas da concelleira de desenvolvemento económico e emprego local en resolución dos recursos de reposición interpostos contra o acordo de Xunta de Goberno Local de data 12.06.2017 (Urxencia)

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentim
ento

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar integramente as dúas propostas emitidas pola concelleira de desenvolvemento económico e emprego local, referentes a resolución de recursos de reposición interpostos contra o acordo da Xunta de Goberno Local de data 12.06.2017, para cambio de actividade e transmisión de autorización do posto nº 16 de venda ambulante, que son como seguen:

A) "Proposta da concelleira de desenvolvemento económico e emprego local en resolución do recurso de reposición interposto por 'CARCOGAL S. COOP. GALEGA', o 28.07.2017 contra o acordo de Xunta de Goberno Local de data 12.06.2017

ANTECEDENTES

I.- 'CARCOGAL S. COOP. GALEGA', o 30.03.2017 solicitou o cambio de titularidade do posto do mercado de venda ambulante de Cangas do que é titular autorizado para a venda de produtos de ferretería a favor de E.E. J. que manifestou a súa intención de adquirir esa licenza e dedicala á venda de produto textil.

II.- Con data 19.05.2017, CARCOGAL, S. COOP GALEGA solicitou modificar a actividade do posto do mercado, incluíndo a actividade de textil.

III.- A Xunta de Goberno Local en sesión de data 12.06.2017 con relación nas solicitudes anteriores adoptou o acordo polo que se desestimaban as solicitudes de transmisión e cambio de actividade formuladas por 'CARCOGAL S. COOP. GALEGA', anteriormente citadas,



dando traslado deste tanto á solicitante como a destinataria da transmisión, E. E. J.

IV.- Con rexistro de entrada nº 8948 do 28.07.2017 'CARCOGAL S. COOP. GALEGA', representada por C. C. C., con enderezo a efectos de notificacións en Rúa Sucasa, nº 1-Ribadumia-Pontevedra, interpuxo recurso de reposición contra o referido acordo de Xunta de Goberno Local de 12.06.2017 que desestimaba as solicitudes descritas. En síntese a recorrente basea o seu recurso nos argumentos seguintes:

- Que en data 27.03.2017, a Xunta de Goberno Local autorizou a transmisión do posto do que era titular de C. C. P. a nome de 'Carcogal S. Coop. Galega', sen que se sinalase ningunha restrición como se fai no presente caso.

- Que tanto transmitente coma adquirente reúnen os requisitos esixibles segundo a normativa en vigor.

- Que a denegación da transmisión solicitada se basea na aplicación do art. 15.3.b) da Ordenanza municipal reguladora da venda ambulante no termo municipal de Cangas que resulta de aplicación só para supostos de autorización de novas licenzas.

V.- Con rexistro de entrada nº 9034 do 31.07.2017 E. E. J. interpuxo recurso de reposición contra o acordo de Xunta de Goberno Local de data 12.06.2017 solicitando a súa anulación.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

I.- Respecto do argumento de que por acordo da Xunta de Goberno Local de data 27.03.2017 'Carcogal S. Coop. Galega', obtivo a transmisión do posto do que era titular C. C. P. sen que se sinalase ningunha restrición como se fai no presente caso, cómpre salientar que a transmisión autorizada daquela foi a dun posto de ferretería, igual que no caso que nos ocupa. A venda de produtos diferentes aos autorizados neste período podería dar lugar a revogación da licenza de acordo co previsto no artigo 25.6 da Ordenanza reguladora da venda ambulante do Concello de Cangas.

II.- Con relación no argumento de que tanto transmitinte como adquirente reúnen os requisitos esixibles segundo a normativa en vigor, Hai que sinalar que a denegación se fundamenta non tanto nun criterio subxectivo relativo ás condicións persoais de transmitente e adquirente como no criterio obxectivo de que o que o Concello de Cangas ten autorizado é un posto de ferretería e non un posto de textil como pretende o recorrente.

III- En canto ao argumento da aplicación indebida do contido do art. 15.3.b) da Ordenanza municipal reguladora da venda ambulante no termo municipal de Cangas, ao entender que a diversificación de produtos se aplica a supostos de solicitudes que superan o número de postos existente pero que a que propoñen se refire a un posto xa autorizado, cómpre recordar novamente que o posto preexistente autorizado é un posto de ferretería e que non existe inconveniente para a súa transmisión con esta condición.

O espazo de dominio público no que se desenvolve o mercado ambulante de Cangas é limitado e manter a diversidade na oferta de produtos é o criterio que mellor defende o interese xeral polo que deben velar as administracións públicas, resultando tamén o mais acorde cos intereses dos usuarios e consumidores e sendo o previsto no artigo 15.3 unha manifestación deste criterio.



IV.- En virtude do disposto no artigo 16 da Ordenanza municipal reguladora de venda ambulante corresponde á Xunta de Goberno Local autorizar as transmisións de licenzas de venda ambulante, competencia con base na que foi ditado o acordo que se recorre e motivo polo que lle corresponde a este órgano resolver no presente caso en virtude do disposto no artigo 123.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro o recurso de reposición interposto.

Tomando en consideración o anteriormente exposto á Xunta de Goberno Local propono a adopción do seguinte:

ACORDO

PRIMEIRO.- Desestimar con base na motivación exposta o recurso de reposición interposto con rexistro de entrada nº 8948 do 28.07.2017 por 'CARCOGAL S. COOP. GALEGA', representada por C. C. C., con enderezo a efectos de notificacións en Rúa Sucasa, nº 1-Ribadumia-Pontevedra, contra o acordo de Xunta de Goberno Local de data 12.06.2017.

SEGUNDO.- Dar traslado do presente acordo aos interesados xunto cos recursos procedentes, así como aos departamentos de Tesourería, Estatística e Concellería de Desenvolvemento e Emprego Local".

B) "Proposta da concelleira de desenvolvemento económico e emprego local en resolución do recurso de reposición interposto por E. E.J. o 31.07.2017, contra o acordo de Xunta de Goberno Local de data 12.06.2017

ANTECEDENTES

I.- 'CARCOGAL S. COOP. GALEGA', o 30.03.2017, solicitou o cambio de titularidade do posto do mercado de venda ambulante de Cangas do que é titular autorizado para a venda de produtos de ferretería a favor da recorrente, E. E. J. quen manifestou a súa intención de adquirir esa licenza e dedicala á venda de produto textil.

II.- Con data 19/05/2017 'CARCOGAL, S. COOP. GALEGA', solicitou modificar a actividade do posto do mercado, incluíndo a actividade de textil.

III.- A Xunta de Goberno Local en sesión de data 12.06.2017 con relación nas solicitudes anteriores adoptou o acordo polo que se desestimaban as solicitudes de transmisión e cambio de actividade formuladas por 'CARCOGAL S. COOP. GALEGA', anteriormente citadas, dando traslado deste tanto ao solicitante como a destinataria da transmisión E. E. J.

IV.- Con rexistro de entrada nº 8948 do 28.07.2017 'CARCOGAL S. COOP. GALEGA', interpuxo recurso de reposición contra o referido acordo de Xunta de Goberno Local de 12.06.2017 que desestimaba as solicitudes descritas.

V.- Con rexistro de entrada nº 9034 do 31.07.2017 Esther Escudero Jiménez interpuxo recurso de reposición contra o acordo de Xunta de Goberno Local de data 12.06.2017 solicitando a súa anulación. En síntese a recorrente basea o seu recurso nos argumentos seguintes:

- Que transmitinte e adquirente reúnen os requisitos esixibles segundo a normativa en vigor, sen ter sido requirida para a subsanación de deficiencia ningunha.



- *Que a ordenanza municipal na súa exposición de motivos sinala que a normativa considerou necesario manter o réxime de autorización administrativa previa no eido da venda ambulante malia o reflectido na Directiva 2006/123/CE, que con carácter xeral as actividades de distribución comercial non deberían estar sometidas a autorización administrativa previa.*

- *Que se efectúa unha interpretación antixurídica do art. 15.3.b) da Ordenanza municipal reguladora da venda ambulante no termo municipal de Cangas ao entender que a diversificación de produtos se aplica a supostos de solicitudes que superan o número de postos existente pero que a que propoñen se refire a un posto xa autorizado.*

- *Que se estaría a contravir a directiva europea antes mencionada, tendo en conta a prioridade do sector servizos para o emprego e a necesidade da eliminación de obstáculos xurídicos que impidan o establecemento dun auténtico mercado interior e tendo en conta que segundo o argumenta o que se busca na venda ambulante son prezos moderados ou baixos que adoitan darse no textil pola perda de valor debida ao transcurso do tempo e non así na ferretería.*

Que se tardou máis de tres meses en resolver sobre o solicitado en violación do disposto no art. 21.3.b) da LPACAP provocando danos e prexuízos á dicente.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

I.- O acordo que se recorre ten dúas partes derivadas das dúas solicitudes presentadas pola titular da autorización administrativa 'CARCOGAL S. COOP. GALEGA', así por unha banda o 30.03.2017 solicitouse a transmisión e por outra o 19.05.2017 o cambio de actividade. Resultando afectada a recorrente na súa condición de adquirente na transmisión que se pretende realizar.

II.- As consideracións xurídicas I e II do acordo recorrido limítanse a establecer que as autorizacións de venda ambulante resultan transmisibles con carácter xeral de acordo coa lexislación xeral (punto I) e coa regulamentación particular do Concello de Cangas (apartado II), feito este que non resulta controvertido malia o exposto no recurso.

III.- Respecto ao argumento de que tanto transmitente como adquirente reúnen os requisitos esixibles segundo a normativa en vigor, sen ter sido requirida para a subsanación de deficiencia ningunha. Hai que sinalar que a denegación se fundamenta non tanto nun criterio subxectivo relativo ás condicións persoais de transmitinte e adquirente como no criterio obxectivo de que o que o Concello de Cangas ten autorizado é un posto de ferretería e non un posto de textil e polo tanto o que pode ser transmitido é o posto de ferretería previamente autorizado, resultando da documentación achegada que a intención é a de dedicar o posto a venda textil.

IV.- En relación coa contravención da Directiva 2006/123/CE que pon de manifesto a recorrente, hai que comezar por dicir que a exposición de motivos da ordenanza se limita a constatar unha situación, a do réxime de autorización previa establecida pola normativa xeral da venda ambulante, en definitiva a exposición de motivos da ordenanza xustifícase nun criterio de cumprimento da normativa xeral vixente.

Por este motivo as referencias á contravención desta directiva que expón no seu escrito exceden do ámbito competencial municipal e, no seu caso, deberán ser dirixidas pola interesada fronte ás administracións que en exercicio da potestade lexislativa que ostentan



aprobaron as normas que manteñen o citado réxime, en particular a Lei 13/2010, de 17 de decembro, do comercio interior de Galicia, que no seu artigo 72 prescribe que a venda ambulante está sometida ao réxime de licenza previa, correspondendo aos concellos a súa autorización de acordo coa ordenanza de venda ambulante que teñen que aprobar.

V.- En canto ao argumento da aplicación dunha interpretación antixurídica do contido do art. 15.3.b) da Ordenanza municipal reguladora da venda ambulante no termo municipal de Cangas ao entender que a diversificación de produtos se aplica a supostos de solicitudes que superan o número de postos existente pero que a que propoñen se refire a un posto xa autorizado, cómpre recordar novamente que o posto preexistente autorizado é un posto de ferretería e que non existe inconveniente para a súa transmisión con esta condición.

O espazo de dominio público no que se desenvolve o mercado ambulante de Cangas é limitado Concello de Cangas e manter a diversidade na oferta de produtos é o criterio que mellor defende o interese xeral polo que deben velar as administracións públicas, resultando tamén o mais acorde cos intereses dos usuarios e consumidores e sendo o previsto no artigo 15.3 unha manifestación deste criterio.

VI.- Por último en canto aos prexuízos derivados do tempo transcorrido ata a resolución contravindo o disposto no artigo 21.3.b da Lei 39/2015, cómpre recordar que a lei de procedemento administrativo en evitación destes prexuízos prevé a continuación no artigo 24 o réxime do silencio administrativo.

VII.- En virtude do disposto no artigo 16 da Ordenanza municipal reguladora de venda ambulante corresponde á Xunta de Goberno Local autorizar as transmisións de licenzas de venda ambulante, competencia con base na que foi ditado o acordo que se recorre e motivo polo que lle corresponde a este órgano resolver no presente caso en virtude do disposto no artigo 123.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro o recurso de reposición interposto.

Tomando en consideración o anteriormente exposto á Xunta de Goberno Local propoño a adopción do seguinte:

ACORDO

PRIMEIRO.- Desestimar con base na motivación exposta o recurso de reposición interposto con rexistro de entrada nº 9034 do 31.07.2017 por E. E. J., con enderezo a efectos de notificacións en Polígono de Torneiros, fase 4, bloque 13-4º esquerda (36410)Porriño, contra o acordo de Xunta de Goberno Local de data 12.06.2017.

SEGUNDO.- Dar traslado do presente acordo aos interesados xunto cos recursos procedentes, así como aos departamentos de Tesourería, Estatística e Concellería de Desenvolvemento e Emprego Local".

Expediente 7061/2017. Bases concurso de fotografía “Cangas en Negro contra as violencias” (Urxencia)

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento



Concello de Cangas

Visto que polo departamento de Servizos Sociais, Igualdade e Sanidade se elaboraron as bases que rexerán o concurso de fotografía “Cangas en Negro contra as violencias”, que literalmente din:

“BASES CONCURSO DE FOTOGRAFÍA “CANGAS EN NEGRO CONTRA AS VIOLENCIAS”

As presentes bases rexerán o concurso de fotografía “Cangas en Negro contra as violencias”

1. Categorías

O concurso realizarase en dúas categorías:

Fotografías de escaparates, fiestras ou interiores de establecementos comerciais, hostaleiros ou de restauración. Entrarán nesta categoría tamén asociacións ou entidades sen ánimo de lucro que participen e estean adheridas á campaña Cangas en Negro. Poderán participar as persoas físicas propietarias ou titulares de ditas entidades.

Fotografías de tendedeiros, balcóns, fiestras, portas,... ou calquera espazo visible dende a vía pública. Poderán participar todas as persoas físicas.

2. Participación

Poderán participar todas as persoas físicas maiores de 16 anos.

A participación é a través de Facebook, hai que compartir unha fotografía pública e no comentario da foto hai que nomear ao Concello de Cangas (@concellodecangas) e empregar o hashtag #cangasennegro

Todas as fotos teñen que estar feitas no término municipal de Cangas.

3. Temática, materiais a empregar e ámbito.

A temática principal é o rexeitamento das violencias de xénero empregando a cor negra como nexo de unión. Os materiais a empregar son libres, pódese empregar calquera material, roupa, obxecto ou utensilio que a persoa desexe.

O único condicionante é o uso da cor negra como cor predominante.

Pódense empregar lemas, ou simboloxías para acompañar, sempre e cando estean relacionadas co rexeitamento as violencias de xénero.

O ámbito queda pechado ao termo municipal de Cangas, todas as fotografías teñen que ser feitas dentro deste ámbito.

4. Prazo de inscrición

Do 17 ao 26 de novembro, ambos incluídos, coincidindo coa duración da campaña.

5. Criterios de valoración

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Concello de Cangas

Os criterios serán os mesmos para as dúas categorías, valorando principalmente

Orixinalidade.

Composición e harmonía do conxunto.

Calidade fotográfica.

O xurado poderá ter en conta outros criterios dos anteriormente descritos.

6. O xurado

Estará formado por un máximo de 5 persoas e un mínimo de 3, con experiencia e formación en artes plásticas, arte ou fotografía, no que se inclúa tamén formación en igualdade

7. Premios

Os premios serán 3 entradas dobres para o auditorio por cada unha das dúas categorías, a canxear en calquera dos espectáculos dúas horas antes da hora de inicio nas taquillas do auditorio, nos seguintes tres meses ao faio do xurado.

8. Dereitos sobre a imaxe

Os/as participantes no concurso, pola mera participación neste, autorizan, expresamente ao Concello de Cangas, sen limitación temporal ou territorial algunha, a exhibir, publicar e/ou difundir as fotografías enviadas, en calquera medio, formato ou soporte, coa única finalidade de realizar, executar e concluír o concurso.

O Concello de Cangas resérvase o dereito (non exclusivo) para reproducir en soportes informativos e promocionais e expoñer de maneira libre calquera das imaxes que as persoas físicas participantes empreguen para concursar. Este uso será a través das canles propias do Concello de Cangas, así como das empregadas pola campaña Concellos en Negro (realizada a nivel galego, na que se inclúe Cangas en Negro contra as Violencias).

Todas as persoas participantes, ceden o uso das fotos para ambas campañas, Cangas en Negro contra as violencias e Concellos en Negro.

En ningún caso cederanse a terceiros/as, salvo a autorización expresa da persoa autora. As persoas participantes responsabilízanse de que non existan dereitos a terceiros/as sobre as súas fotografías. O Concello de Cangas como organizador, comprométese, pola súa parte, a indicar o nome da persoa autora cada vez que a súa imaxe sexa reproducida.

9. Fallo do xurado

O xurado fallará o concurso na máxima brevidade posible.

10. Aceptación das bases

A simple participación no concurso implica a aceptación das presentes Bases, polo que a manifestación no sentido de non aceptación da totalidade ou parte das mesmas implicará a exclusión da persoa participante e como consecuencia de elo, o Concello de Cangas quedará

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



liberado do cumprimento da obrigaón contraída con dita persoa participante.

11. *Desvinculación con respecto a Facebook*

Facebook non patrocina, avala nin administra de modo algún este concurso, nin está asociado a el. A persoa usuaria desvincúlase totalmente de Facebook e é consciente que esta proporciona a súa información ao Concello de Cangas e non a Facebook. Toda a información proporcionada será empregada nada máis que para a realización deste concurso.

12. *Protección de datos*

Consonte ao disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, os seus datos serán tratados de xeito confidencial. Poderán ser incorporados aos ficheiros do Concello de Cangas relacionados con este trámite, coa finalidade de utilizalos para as xestións municipais derivadas dos procedementos e consultas que inicia o interesado/a con esta solicitude. En calquera momento poderá exercer os dereitos de acceso, cancelación, rectificación e oposición comunicándoo mediante escrito que deberá presentar no Rexistro Xeral do Concello.

13. *Normas de control e seguridade*

O Concello de Cangas resérvase a facultade de adoptar cantas medidas resulten oportunas para evitar calquera conduta que sospeite que teña por finalidade ou efecto calquera intento de actuar en fraude da presente promoción ou en incumprimento das súas normas ou en prexuízo doutros/as participantes, cuxa primeira e inmediata consecuencia será a exclusión da persoa participante e a perda de todo dereito ao premio que eventualmente obtivese.

O Concello de Cangas resérvase o dereito de invalidar, expulsar, eliminar ou non ter en conta no cómputo aqueles perfís que considere sospeitosos de calquera intento de participación fraudulenta, incluído, a modo enunciativo e non limitativo, o intento de rexistro de máis dun perfil de usuario/a por parte dunha persoa, creación de perfís falsos ou usurpación de identidade.

O Concello de Cangas resérvase o dereito de excluír as participacións que atenten contra o decoro e os dereitos e liberdades públicas.

14. *Limitación de responsabilidade.*

O Concello de Cangas non é responsable das interrupcións ou fallos na internet na páxina de Facebook.

O Concello de Cangas exclúe calquera responsabilidade polos danos e prexuízos de toda natureza que, a pesar das medidas de seguridade adoptadas, puidesen deberse á utilización indebida dos servizos e dos contidos por parte das persoas usuarias, e, en particular, aínda que non de forma exclusiva, polos danos e prexuízos que poidan deberse á suplantación da personalidade dun terceiro/a efectuada por un/unha usuario/a.

15. *Notificación das persoas gañadoras:*

As persoas participantes permiten que o nome de usuario/a e a foto de perfil pública de Facebook se publiquen nos perfís ou na web do Concello de Cangas para comunicar cales



Concello de Cangas

son as persoas gañadoras do concurso.

16. *Contacto/reclamacións*

As persoas participantes poden contactar co Concello de Cangas a través do correo electrónico, ennegro@cangas.gal, para calquera dúbida ou reclamación”

Vista a proposta do concelleiro de de Servizos Sociais, Igualdade e Sanidade de data 10.11.2017.

A Xunta de Goberno Local, acorda:

PRIMEIRO.- Aprobar as bases que rexerán o concurso de fotografía “Cangas en Negro contra as violencias”.

SEGUNDO.- Notificar o presente acordo ao departamento de Servizos Sociais, Igualdade e Sanidade.

TERCEIRO.- Publicar as bases a través do perfil de facebook do Concello de Cangas.

Expediente 1521/2017. Aprobación das bases de participación de comerciantes locais no mercado extraordinario “Mercado campesiño-mariñeiro” no contexto do evento “Cangas 1617: Defensa da Vila” (Urxencia)

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentim
ento

A Xunta de Goberno Local acorda adoptar o seguinte acordo:

*Aprobación das bases de participación de comerciantes locais no “Mercado campesiño-mariñeiro de Cangas-1617” no contexto do evento “Defensa da Vila 2017”, sendo este mercado o principal eixo dinamizador dos actos organizados na conmemoración do 400 aniversario do asalto por parte dos piratas turco-berberiscos á Vila de Cangas.

O obxecto das presentes bases é a regulación do procedemento para a adxudicación por parte do Concello de Cangas dun máximo de 15 postos para a participación dos comerciantes locais neste mercado, participación que será gratuíta por estar exentos da taxa solicitada pola empresa organizadora do evento. No caso de non ser ocupados por comerciantes locais, os espazos entrarán a formar parte do cupo total de postos que a empresa dispón.

Os postos para comerciantes locais que o Concello reserva está dirixido a aquelas persoas físicas ou xurídicas con domicilio fiscal/social da actividade no Concello de Cangas. O carácter de comerciante local xustificarase mediante a “Certificación de estar dado de alta no Imposto de Actividades Económicas con indicación do epígrafe fiscal (IAE)”, documento a entregar para xestionar a solicitude.

A participación no “Mercado campesiño-mariñeiro de Cangas-1617”, conleva a aceptación das presentes bases de participación, sobre todo no relativo á cláusula 6 sobre as “*Obrigas dos expositores*”.

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Expediente 7126/2017. Proxecto de ampliación da rede de abastecemento en Chamiceira (Urxencia)

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a seguinte:

"PROPOSTA DA CONCELLEIRA DE OBRAS E SERVIZOS RELATIVA Á APROBACIÓN DO PROXECTO 'AMPLIACIÓN REDE DE ABASTECIMENTO EN CHAMICEIRA'

1º.- Visto que a rede de abastecemento na zona de Chamiceira no Hío, non está suficientemente interconectada polo que os problemas de presión e de subministración son habituais, sobre todo en épocas de maiores consumos que existen, por outra parte, unha serie de vivendas que non dispoñen do servizo e esta situación resulta especialmente grave tendo en conta a proximidade do depósito de Nerga.

2º.- Visto o proxecto redactado pola arquitecta técnica municipal C. G. C. por un importe de cincuenta e nove mil novecentos setenta e oito euros con oitenta e dous céntimos (59.978,82 €).

Elevo para a súa aprobación pola Xunta de Goberno Local a seguinte proposta de acordo por urxencia:

Primeiro.- Aprobar o proxecto de 'AMPLIACIÓN REDE DE ABASTECIMENTO EN CHAMICEIRA'".

Expediente 7123/2017. Aprobación do proxecto de reparacións no cemiterio de Coiro (Urxencia)

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a seguinte:

"PROPOSTA DA CONCELLEIRA DE OBRAS E SERVIZOS RELATIVA Á APROBACIÓN DO PROXECTO 'MEMORIA VALORADA DE REPARACIÓN PUNTUAIS NO CEMITERIO DE COIRO-CANGAS'

1º.- Vista a necesidade de actuación para reparación no cemiterio de Coiro despois de realizar actuacións urxentes encamiñadas á retirada de pináculos e cruces sen afianzar debidamente á base dos nichos, a maioría soltos e con excesivo peso no voo provocando desprendementos e a retirada das tapas dos osarios con moito peso e soltas con perigo de caída, así como, o apuntalamiento da estrutura da cuberta e osarios, é necesario proceder á reparación desta e ás obras precisas para garantir o ornato e a salubridade, así como, outras obras que se estimen necesarias para garantir a conservación e a seguridade dos elementos estruturais e construtivos para solventar os problemas expostos.

2º.- Visto o proxecto redactado pola arquitecta municipal M. I. M. cun orzamento de trinta e tres mil novecentos cincuenta e nove euros con corenta e nove céntimos (33.959,49 €).



Concello de Cangas

Elevo para a súa aprobación pola Xunta de Goberno Local a seguinte proposta de acordo por urxencia:

Primeiro.- Aprobar o proxecto 'MEMORIA VALORADA DE REPARACIÓNS PUNTUAIS NO CEMITERIO DE COIRO-CANGAS', para iniciar a súa execución".

Expediente 7124/2017. Aprobación do proxecto de actuacións na rede de saneamento en Reboredo (Urxencia)

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a seguinte:

"PROPOSTA DA CONCELLEIRA DE OBRAS E SERVIZOS RELATIVA Á APROBACIÓN DO PROXECTO 'ACTUACIÓNS NA REDE DE SANEAMENTO EN REBOREDO'

1º.- Vista a necesidade de actuación na rede de saneamento na zona de Reboredo xa que non dispón de rede polo que as vivendas deben utilizar fosas sépticas co risco que implica en canto a filtracións e ante a proxima actuación no pavimento coas obras proxectadas e aprobadas para dotar de nova capa de rodadura ao vial que comezarán en breve.

2º.- Visto o proxecto redactado pola arquitecta técnica municipal, C. G. C., que consiste na instalación de 218 mts., de colector de pvc de 250 mm., conectado á rede xeral do concello, cun importe de doce mil trescentos sesenta e dous euros con setenta e seis céntimos (12.362,76 €).

Elevo para a súa aprobación pola Xunta de Goberno Local a seguinte proposta de acordo por urxencia:

Primeiro.- Aprobar o proxecto 'ACTUACIÓNS NA REDE DE SANEAMENTO EN REBOREDO'".

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

Non hai asuntos

C) ROLDA DE INTERVENCIÓNS LIBRES

Non hai asuntos

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Concello de Cangas

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850